



«White Phoenix»: Supremacismo branco antigubernamental na Ucraína en guerra

Descrición

Ano 2025. Dez de xuño. Xoves. O coronel Iván Voronych, oficial do Centro de Operacións Especiais Alfa do Servizo de Seguridade da Ucraína (SBU polas súas siglas en ucraíno), morreu tiroteado en Kiev a plena luz do día.

Segundo fontes ben informadas sobre o terreo, tan so tres días despois do asasinato, os presuntos autores, un home e unha muller, foron «eliminados» tras resistirse ao arresto. A operación foi coordinada persoalmente polo xefe da axencia especial, o tenente xeral Vasyl Malyuk. «Esta mañá, as forzas do SBU levaron a cabo unha operación de captura contra o grupo de axentes e combatentes do Servizo Federal de Seguridade de Rusia, que fora enviado previamente a Ucraína e que hai tres días asasinou a un oficial do SBU, o noso compañeiro de armas, o coronel Iván Voronych», manifestou Malyuk nun vídeo. «Quero lembrarles que a única perspectiva do inimigo no territorio de Ucraína é a morte» advertiu.

Así as cousas, o 16 de xullo de 2025, o diario Kyiv Post informaba de que un grupo que empregaba o nome en inglés de «White Phoenix» (Fenix Branco) mediante un comunicado difundido a través da rede social virtual Telegram asumiu a autoría do asasinato do coronel Voronych: «Nos, a organización White Phoenix, estamos orgullosos dos nosos camaradas que están a limpar Ucraína da horda de sangue suxo. Esta acción é unha advertencia cuidadosamente planificada para o réxime, sumido na corrupción, a arbitrariedade e o uso cínico dos sentimentos patrióticos da «raza branca» entre o pobo ucraíno».

A continuación engade: «A execución do coronel do SBU non é o final, senón só o principio. Continuaremos a nosa loita ata que se faga xustiza»

«White Phoenix» combina unha, canto menos pintoresca, mensaxe na que mestura un nacionalismo supremacista branco cunha sorte de respecto cara ao exército e a historia nacional ucraínos. Nas súas diatribas, na que emprega o idioma ucraíno, mostrase crítico coas súas autoridades do país, en particular co presidente Volodimir Zelenski, e as mobilizacións ordenadas por este que define como «zemoilización».

Como é común en organizacións deste tipo, tamén afirma que «Fondos estranxeiros, como a Fundación Soros e Rosa Luxemburg, financian as actividades de diversas organizacións públicas, cuxo obxectivo é difundir a ideoloxía de «xénero?» sinalando que na Ucraína «idiotas ao mando, celebran Janucj [festividade xudea] e protexen a sodomitas»

O 18 de xullo de 2025, difundiron outro comunicado onde anunciaban «o inicio de accións activas contra os centros territoriais de recrutamento e apoio social (CTS) na Ucraína. Xa non podemos quedarnos de brazos cruzados ante o caos

que xeran. A violencia, as detencións ilegais e a mobilización forzada son inaceptables nun estado de dereito».

Según [The Guardian](#), «White Phoenix» é a facción na Ucraína de «The Base», unha organización fundada nos EUA no 2018 que se sustenta ideoloxicamente no aceleracionismo nacionalista branco militante. O aceleracionismo abarca un conxunto de teses revolucionarias de esquerda e dereita que avogan pola rápida aceleración do crecemento económico e tecnolóxico como parte dun proceso máis amplo de cambio social que, en última instancia, desestabilizará os sistemas sociais existentes para xerar transformacións radicais. Incita aos seus seguidores a comisión de todo tipo de actos violentos para explotar as divisións raciais e acelerar o colapso da sociedade occidental, permitindo así a formación de etnoestados brancos dirixidos por supremacistas brancos.

Seu creador foi [Rinaldo Nazzaro](#). Nado en Nova Jersey, dirixiu unha empresa de seguridade nos EUA. Nizzaro dicía ter experiencia en intelixencia, contraterrorismo, contrainsurxencia e operacións psicolóxicas. En 2012 casou cunha muller rusa na cidade de Nova Iork mudándose en 2017 a San Petersburgo, na Federación Rusa, país do que obtivo a nacionalidade.

En abril de 2025, «The Base» chamou abertamente a perpetración de asasinatos selectivos e ataques contra a infraestrutura crítica de Ucraína.

Toda esta sinrazón dalle a razón, máis se cabe, as verbas do eterno Maiakovski «¿fácil morrer. Construír a vida é moito máis difícil».

APARTADOSTEMATICOXEOGRAFICOS

Europa

ETIQUETAS

Ucraína

INVESTIGACION

Relaciones Internacionales

Fecha de creación

20 de agosto de 2025

Campos meta

Autoría : 104619